

Dende a Concellería de Igualdade, e con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, desenvólvense durante todo este mes de novembro actividades de sensibilización e formación orientadas á prevención da violencia de xénero, igualdade, conciliación e corresponsabilidade. Actuacións e actividades dirixidas a un amplo espectro de poboación a fin de que poidan participar persoas de diversas xeracións.

O vindeiro 2 e 3 de novembro e enmarcados dentro do Programa “Tirando Pedras contra o Tellado da violencia”, desenvolveranse dous obradoiros de corresponsabilidade. Estes obradoiros constarán de dúas partes: unha primeira que se dedicará a formación en igualdade e corresponsabilidade e análise de micromachismos, e unha segunda que se adicará a contidos de carácter práctico (instrucións de cómo pasar o ferro, distribución de tarefas domésticas, bricolaxe... )

## **OBXECTIVOS**

1. Ruptura de estereotipos de xénero en canto a reparto de tarefas domésticas e de coidado.
2. Posta en valor das tarefas domésticas e de coidado.
3. Fomento da corresponsabilidade e erradicación de micromachismos.

Estes dous obradoiros están dirixidos a poboación nun rango de idade de 16-40 anos. Formaranse dous grupos, un de mulleres e outro de homes con idades comprendidas entre os 16-40 anos.

Os obradoiros desenvolveranse o venres día 2 de novembro en horario de 19:00h a 21:30 horas e o sábado día 3 a partires das 18:00 horas, na Casa da Xuventude sita na Rúa Bal y Gay. Esta xornada do sábado pecharase cunha demostración de full contact (defensa persoal e artes marciais) por parte do **Ximnasio “Argos”**, entidade colaboradora no desenvolvemento destas actuacións.

## **INSCRIPCIÓN**

Aquelas persoas interesadas en participar nestes obradoiros poderán inscribirse na Casa da Xuventude: [iuventa.lugo@lugo.eu](mailto:iuventa.lugo@lugo.eu), ou a través do servizo do 010. O prazo para inscribirse abrirase o día 23 de outubro ata completar o total de prazas.

O número de prazas por grupo é de 20-25.